

Na poesía feminina non todo van ser tics erotómanos e feministas. Ou poden selo, pero de moitas maneiras.

A moza que sabe

Os hemisferios · María do Cebreiro · Galaxia. 2006 · 93 páx. · 12,5 euros

A última obra de María do Cebreiro vén tan galvanizada, trae tanto pouso, que é difícil marcar nela versos prescindibles. A exhibición de madurez sorprende. Estamos diante dunha autora nova: 30 anos. Experimentada lectora, filóloga e tradutora, dacordo. Pero a suma de todo iso non dá por forza un artista. Para ser artista hai que ver en espectros *infra* ou *supra*, acceder a coñecementos que se agochan detrás do evidente. En poesía, isto é particularmente rotundo.

Se o currículo non é aval para tan ardua tarefa, moito menos o márketing, coa súa insistencia en proceder por redución e crear etiquetas de consumo rápido. Vale que temos unha xeración de mulleres poetas, novas ou moi novas, que están a escribir cunha pericia admirable. Pero na 'poesía feminina' —e quede constancia de que dubidamos que exista iso: unha poesía feminina— non todo van ser tics erotómanos e feministas. Ou poden selo, pero de moitas maneiras. Cando se tira por elevación, o evidente é un lastre incómodo.

É *Os hemisferios* un libro que pareza escrito por unha muller? Alenta na voz da autora un eu-feminino que se explicita como tal e fai desta condición a súa panca interpretativa e creativa? Eu digo que non. En todo caso, a femineidade existe como substrato vital anterior á voz, ese ao que non se pode renunciar por escolla libre. En diante deste texto —o texto, eis o único que conta—, a voz que abrolla é a da persoa sen adxectivos nin accidentes. Mellor dito, a das persoas. Persoas que son os ou as en función da marca gramatical —e non confundamos, por favor, a gramática co mundo—. Persoas que interaccionan entre elas. Porque ese é o gran tema do libro: o contacto.

O contacto. Que pode revestir formas moi diversas. Pode ser o *desideratum* inalcanzable das rec-



tas paralelas. Ese que se produce entre a linguaxe literaria e o mundo, por exemplo. Nunca chegarán a se fundir, e os mellores notarios deste desencanto sempre foron e serán os poetas. Tamén aquí, en María do Cebreiro: «O texto non está/ dentro da natureza. A natureza está/ fóra do texto».

É a constatación dun límite. E permite facer unha segunda e pouco confortante inferencia: que tampouco as palabras erixen —a miúdo— a ponte axeitada para acceder aos outros, a eses alteregos que perfilan os filósofos ben intencionados. No aspecto formal, un dos grandes logros do libro é o emprego de diálogos alucinantes —alucinatórios— que soan no oído como os ecos perdidos nunha sala baleira. Non é casual que eses poemas teñan por título o nome dalgún planeta. Xa se sabe, os planetas: corpos solitarios nun espazo escuro. Condeados a non se atopar nunca. (Aínda que teño a sospeita de que moitos deses diálogos son a falsa pantalla dun monólogo. Pois en todos nós hai dúas metades. Como mínimo).

Os hemisferios. Velaí o quid. Metades que se complementan e se requiren. Metades que, paradoxalmente, configuran mundos autónomos. Os hemisferios cerebrais, os deste planeta... Os binomios básicos do pensamento (seco-mollado, luminoso-escuro, masculino-feminino...) Pregoar estas dualidades en perpetuo desencontro leva, inevitablemente, a un ton nostáxico. Que non é o mesmo que elixiaco, mais está perigosamente próximo. Como todos os poetas saben, a soidade é a antesala da morte.

Con toda esta materia prima, cuxo acceso e manipulación están vedados ás voces inexpertas, María do Cebreiro tece un lenzo de lucidez triste. Na contracapa do libro alúdese, atinadamente, ao xeo, que é duro e frío, que permite intuír cousas e ao mesmo tempo vélaas. Tamén a escrita é aquí contundente. Pero non cruel. Nunca cínica.

// Manuel Darriga



Eu creo que este mundo é moi fecundo

Apostasía · Óliver Escobar · M. Vázquez Baño (Ilust.) · Positivas. 2006 · 118 páx. · 9,95 euros

A última bengala, primeiro libro de Óliver Escobar, publicouse no 2004 logo da concesión dun accesit do Premio Esquíu. Continuar o camiño de entrada na *Gran Enciclopedia Galega*, agora da man de Edicións Positivas, debería significar algo. Na súa colección di-versos soubemos de Lois Pereiro, de Manuel Outeiriño, de Ronseltz, e daquela esas edicións de cartón gris chaman por nós.

Óliver Escobar entrega este seu segundo libro cun título, *Apostasía*, necesario para quen procure unha poesía atea (collo emprestada a denominación doutro poeta do seu tempo), máis non é isto necesariamente o que imos atopar. Monseñor Gea Escolano non debera encabezar poema ningún. Escribir un libro ónde el vai que non é motivo de excomunión.

Apostasía artéllase en seis partes e iníciase cunha «epístola aos xerarcas» en que se declara a pretensión de que, o que veña a seguir, contribúa a unha resposta efectiva por parte do estamento eclesial a unha solicitude de apostasía en verso. Malia que os paxaros de pluma negra non lean libros de poemas, ocupados como seguen no *Novo testamento* e en fortaleceren a orde política mundial.

«Biograma», «Historias e histerias», «Políticas» e «Filomanías», as catro series do comezo, compoñen un marco polo que transita o biográfico (autobiográfico?) e iniciático, cunha voz lírica en primeira persoa, de camiño entre a aldea e unha vila da Mariña, que nos achega a súa vivencia do que foi pecado. Está nomeadamente a igrexa mais tamén casa e familia.

«Historia e histerias» dá un paso do vivencial ao colectivo. As históricas, diferentes por pagás,

bruxas ou herexes manifestas, manda a tradición que sexan mulleres: Lilih, Arianrhod, A Balteira. Supoñemos que da parte das historias son outros poemas máis trasladábeis a outras seccións e que cuestionan, por veces tamén desde o iniciático, os grandes motivos do cristianismo, comezando por dogmas, a virxe María ou a estirpe de David (Xerusalén era, como é, / unha capital sanguenta) e seguindo pola materialización das reliquias (Prisciliano e os seus restos, tantas copas que poderían ser o graal).

«Plantas carnosas para lugares soleados» e «Teos versus Sofía», as dúas derradeiras seccións, no formal máis contidas, achéganse ao primeiro libro do autor e escoran sucesivamente do erótico ao existencial, do pretendidamente irreverente, a xeito de *Cantar dos cantares*, ás voltas dunha reflexión vitalista por medio da parodia da máis divulgada retórica cristiá, con Juan de la Cruz e Walt Whitman, «a virxe do abrigo de pana» e un exconselleiro de Cultura, Valente e Claudio Rodríguez Fer.

«Filomanías» e «Políticas» compoñen o intervalo de discurso máis nitidamente ideolóxico, entre o cívico e a dialéctica marxista, tinxido dun certo nihilismo que non impide entrever a pegada dunha nostalgia dirixida cara ao tempo das certezas, igual que ocurría no máis vivencial, materializada ali quizais na figura do «cura roxo» (diríamos «progre»).

Daquela, é na parte que *Apostasía* ten de libro de tese onde máis estrañamos a contundencia de afirmar, con Slavoj Žižek, que o cristianismo se converteu en ideoloxía maioritaria a poder de ir asimilando partes dun discurso igualitario no sociopolítico sen nunca ameazar os alicerces dun estado de cousas profundamente estratificado, hoxe capitalismo serodio. Aquí trazado queda.

// Ana Salgado